

Informe sobre as cifras de poboación

Datos correspondentes ao 1 de xaneiro de 2025

Data de publicación 04/12/2025

Principais resultados

- A poboación galega aumentou en 8.908 persoas, o 0,33 %, durante o ano 2024. No conxunto de España o incremento foi do 1,05 %.
- A porcentaxe de poboación estranxeira en Galicia pasou do 5,74 % no 1 de xaneiro de 2024 ao 6,43 % no 1 de xaneiro de 2025.
- En todas as comunidades autónomas, agás en Estremadura, aumentou a poboación durante o ano 2024.

1. Introducción

A partir do “Censo de poboación” de 2021, o Instituto Nacional de Estadística (INE) proporciona en decembro de cada ano as cifras de poboación referidas ao 1 de xaneiro dese ano. Esta información obtense a partir de rexistros administrativos cunha desagregación territorial ata o nivel de sección censual.

Estas [cifras de poboación](#) son as utilizadas na produción estatística como poboación de referencia para enquisas, sistemas de contas, indicadores, proxeccións de poboación, etc.

2. Cifras de poboación

No 1 de xaneiro de 2025 a poboación residente en Galicia cifrouse en 2.714.741 habitantes; o seu incremento durante 2024 foi de 8.908 persoas (o 0,33 %).

No total de España residían 49.128.297 habitantes no 1 de xaneiro de 2025, un 1,05 % máis que o rexistrado un ano antes; o peso relativo da poboación galega con respecto ao total de España quedou, por tanto, no 5,53 % en 2025.

Poboación residente. Galicia e España. Datos a partir de 2021


Unidade: persoas, porcentaxe

Tempo	Galicia	España	% Gal/Esp
1 de xaneiro de 2021	2.698.177	47.400.798	5,69 %
1 de xaneiro de 2022	2.692.825	47.486.727	5,67 %
1 de xaneiro de 2023	2.699.424	48.085.361	5,61 %
1 de xaneiro de 2024	2.705.833	48.619.695	5,57 %
1 de xaneiro de 2025	2.714.741	49.128.297	5,53 %

Fonte: INE. Censo anual de poboación ([descarga da táboa](#)).

Evolución da poboación en Galicia

Unidade: persoas




Fonte: INE. Estadística Continua de Población e Censo anual de poboación ([descarga da táboa](#)).

2.1. Información por sexo e idade

Na clasificación da poboación por grupos quinquenais de idade, os máis numerosos son os que inclúen á poboación de entre 40 e 65 anos, como se pode comprobar na pirámide de poboación seguinte, referida ao 1 de xaneiro de 2025.

Pirámide de poboación. Galicia. 1 de xaneiro de 2025



Fonte: INE. Censo anual de poboación ([descarga da táboa](#)).

O incremento da poboación durante o ano 2024 produciuse nos rangos de idades de 15 a 29 anos, de 50 a 69 anos, de 75 a 84 anos e no de persoas de 90 ou máis anos. Pola contra, diminuíu a poboación de menores de 15 anos, o grupo de 30 a 49 anos, o de persoas de 70 a 74 anos e o de 85 a 89 anos.

Poboación residente por grupos quinquenais de idade. Galicia


Unidade: persoas, porcentaxe

	Ambos sexos 01/01/2025	Homes 01/01/2025	Mulleres 01/01/2025	Var.relat.Ambos sexos (%) Ano 2024
Total	2.714.741	1.306.827	1.407.914	0,33 %
0-4	75.516	38.645	36.871	-2,57 %
5-9	99.403	51.242	48.161	-2,50 %
10-14	115.247	59.556	55.691	-0,79 %
15-19	123.879	63.761	60.118	2,35 %
20-24	120.741	62.198	58.543	3,06 %
25-29	118.322	60.376	57.946	1,92 %
30-34	131.395	66.400	64.995	-0,70 %
35-39	150.307	74.909	75.398	-2,08 %
40-44	190.578	94.977	95.601	-4,04 %
45-49	231.117	114.390	116.727	-0,31 %
50-54	221.570	109.373	112.197	1,65 %
55-59	210.507	102.032	108.475	1,40 %
60-64	196.330	94.272	102.058	1,10 %
65-69	180.406	85.440	94.966	2,38 %
70-74	157.098	72.739	84.359	-0,15 %
75-79	146.869	65.113	81.756	1,21 %
80-84	111.635	46.231	65.404	7,09 %
85-89	74.123	27.234	46.889	-7,18 %
90-94	45.824	14.481	31.343	4,20 %
95-99	12.333	3.173	9.160	5,65 %
100 e máis	1.541	285	1.256	4,05 %

Fonte: INE. Censo anual de poboación ([descarga da táboa](#)).

Contribución de cada grupo de idade no incremento de poboación. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe



Fonte: INE. Censo anual de poboación ([descarga da táboa](#)).

Poboación e taxa de variación anual. Galicia

Unidade: persoas, porcentaxe

Grupo de idade	Poboación 01/01/2025	Var.relat. (%) Ano 2024
Total	2.714.741	0,33 %
De 0 a 14 anos	290.166	-1,84 %
De 15 a 24 anos	244.620	2,70 %
De 25 a 44 anos	590.602	-1,65 %
De 45 a 64 anos	859.524	0,93 %
De 65 a 84 anos	596.008	2,25 %
De 85 e máis anos	133.821	-2,31 %

Fonte: INE. Censo anual de poboación ([descarga da táboa](#)).

2.2. Información por nacionalidade e por lugar de nacemento

Durante o ano 2024 o número de persoas de nacionalidade estranxeira residentes en Galicia aumentou en 19.213 persoas, un 12,37 %, ata situarse en 174.494 persoas (o 6,43 % do total de poboación residente en Galicia); aumentou tamén a cifra de residentes de nacionalidade española en Galicia nados no estranxeiro nun 5,04 %, e nun 5,41 % o número de persoas nadas en España pero con nacionalidade estranxeira.

Poboación residente por nacionalidade e lugar de nacemento. Galicia. 1 de xaneiro de 2025

Unidade: persoas

	Total	Nados en España	Nados no estranxeiro
Total	2.714.741	2.382.744	331.997
Nacionalidade española	2.540.247	2.375.980	164.267
Nacionalidade estranxeira	174.494	6.764	167.730

Variación absoluta de poboación. Galicia. Ano 2024

Unidade: persoas

	Total	Nados en España	Nados no estranxeiro
Total	8.908	-17.838	26.746
Nacionalidade española	-10.305	-18.185	7.880
Nacionalidade estranxeira	19.213	347	18.866

Variación relativa de poboación. Galicia. Ano 2024


Unidade: porcentaxe

	Total	Nados en España	Nados no estranxeiro
Total	0,33 %	-0,74 %	8,76 %
Nacionalidade española	-0,40 %	-0,76 %	5,04 %
Nacionalidade estranxeira	12,37 %	5,41 %	12,67 %

Fonte: INE. Censo anual de poboación ([descarga da táboa](#)).


Como pode comprobarse nas seguintes gráficas, a estrutura por idades é diferente segundo sexa a nacionalidade española ou estranxeira dos residentes en Galicia; a poboación estranxeira está concentrada nos grupos de idade de entre 25 e 45 anos.

Poboación de nacionalidade española. Galicia. 1 de xaneiro de 2025



Fonte: INE. Censo anual de poboación ([descarga da táboa](#)).

Poboación de nacionalidade estranxeira. Galicia. 1 de xaneiro de 2025



Fonte: INE. Censo anual de poboación ([descarga da táboa](#)).

Segundo o lugar de nacemento, a principios do ano 2025 o 51,78 % da poboación de Galicia nacera no mesmo concello no que residía e o 12,23 % nacera no estranxeiro.

Poboación residente por lugar de nacemento. Galicia. Ano 2025

Unidade: persoas, porcentaxe

	Persoas	Porcentaxe sobre o total
Total	2.714.741	100,00 %
Naceu no mesmo concello que reside	1.405.812	51,78 %
Naceu noutro concello da mesma provincia na que reside	639.152	23,54 %
Naceu en provincia galega distinta da que reside	178.041	6,56 %
Naceu no resto de España	159.701	5,88 %
Naceu no estranxeiro	332.035	12,23 %

Fonte: INE. Censo anual de poboación ([descarga da táboa](#)).

2.3. Información por provincias

Durante 2024 as provincias da Coruña, Lugo e Ourense gañaron poboación, mentres que Pontevedra permaneceu practicamente estable cunha diminución de 51 persoas durante o ano. Como en anos anteriores, aumenta a concentración de poboación nas provincias occidentais, A Coruña e Pontevedra, nas que reside no seu conxunto o 76,75 % da poboación de toda Galicia.

Poboación residente. Provincias. Anos 2024 e 2025

Unidade: persoas, porcentaxe

	01/01/2024	01/01/2025	% Var.Anual
Galicia	2.705.833	2.714.741	0,33 %
A Coruña	1.128.449	1.135.623	0,64 %
Lugo	325.048	326.022	0,30 %
Ourense	304.467	305.278	0,27 %
Pontevedra	947.869	947.818	-0,01 %

Fonte: INE. Censo anual de poboación ([descarga da táboa](#)).

2.4. Información por comunidades e cidades autónomas

No conxunto de España, a poboación incrementouse en 508.602 persoas durante 2025. Aumentou a poboación en todas as comunidades e cidades autónomas, agás en Extremadura; en Cataluña, na Comunidade Valenciana e na Comunidade de Madrid este incremento foi superior ás 100.000 persoas. En termos relativos os maiores incrementos rexistráronse na Comunidade Valenciana (1,99 %), na Comunidade de Madrid (1,49 %) e nas Illas Baleares (1,47 %).

Poboación residente. Comunidades e cidades autónomas. Anos 2024 e 2025

Unidade: persoas, porcentaxe

	01/01/2024	01/01/2025	Variac.absoluta	% Var.anual
España	48.619.695	49.128.297	508.602	1,05 %
Andalucía	8.631.862	8.676.713	44.851	0,52 %
Aragón	1.351.591	1.364.621	13.030	0,96 %
Asturias, Principado de	1.009.599	1.015.128	5.529	0,55 %
Baleares, Illas	1.231.768	1.249.844	18.076	1,47 %
Canarias	2.238.754	2.258.866	20.112	0,90 %
Cantabria	590.851	593.623	2.772	0,47 %
Castela - A Mancha	2.104.433	2.126.378	21.945	1,04 %
Castela e León	2.391.682	2.401.221	9.539	0,40 %
Cataluña	8.012.231	8.124.126	111.895	1,40 %
Comunidade Valenciana	5.319.285	5.425.182	105.897	1,99 %
Estremadura	1.054.681	1.053.345	-1.336	-0,13 %
Galicia	2.705.833	2.714.741	8.908	0,33 %
Madrid, Comunidade de	7.009.268	7.113.886	104.618	1,49 %
Murcia, Rexión de	1.568.492	1.586.989	18.497	1,18 %
Navarra, Comunidade Foral de	678.333	683.854	5.521	0,81 %
País Vasco	2.227.684	2.242.343	14.659	0,66 %
Rioxa, A	324.184	326.803	2.619	0,81 %
Ceuta	83.179	83.567	388	0,47 %
Melilla	85.985	87.067	1.082	1,26 %

Fonte: INE. Censo anual de poboación ([descarga da táboa](#)).

3. Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Cifras de poboación por data de referencia, sexo e idade
- Cifras de poboación por data de referencia, sexo, grupos quinquenais de idade e nacionalidade